

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº4/2016, EXTRAORDINARIA, REALIZADA O 30 DE MAIO DE 2016.

ASISTENTES

Presidente

Sr. Alcalde, FERNÁNDEZ MOURIÑO, José Luis(PP)

Concelleiros/as

Grupo municipal do PP

DUARTE GERPE, Florinda
GARCÍA GONZÁLEZ, Alfonso
RAMILO VARELA, Margarita
BARBEITO REY, Carlos
MONTES MARTÍNEZ, José Manuel
REGUEIRA MOAR, Rubén

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

COUTO LÓPEZ, Pablo
CETINA MOCHALES, Jesús Javier
BLANCO FIDALGO, Patricia
ORGEIRA CAMPELO, José Francisco
RODRÍGUEZ LADO, Manuela Candelaria

Grupo municipal mixto

BERGONDO TRILLO, César Manuel (ACC/SON)

Interventora do Concello

Noemí González Mato

Secretario do Concello

Diego García Doval

HORA DE INICIO: 11:06

HORA DE REMATE: 11:50

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 11:06 horas do 30 de maio de 2016, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde mediante decreto do 26 de maio de 2016, segundo o acordo plenario do 9 de xullo de 2015 polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno (no que se facultou á Alcaldía"(...) para adiantar ou adiar a realización da sesión, sen alterar o número delas que se deberán realizar durante o exercicio, para facilitar a asistencia dos/as membros da Corporación, no caso de coincidir con periodos vacacionais cuxas datas varían de ano a ano, ou por necesidades de cumprimento de prazos polos acordos plenarios correspondentes nos expedientes en que se xustifique tal circunstancia", e tendo en conta o prazo establecido ao efecto para proceder ao sorteo para a designación dos/as membros das mesas que deberán actuar nas eleccións a Cortes Xerais do 26 de xuño de 2016 (artigo 26 da lei Orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral), e que non tería moito sentido realizar unha nova sesión só dous días hábiles despois) , reúnense na sesión 4/2016, de carácter extraordinario, mais co contido dunha sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quorum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

Parte resolutiva da sesión





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

1.- Proposta de aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 3/2016.

Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

2.- Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.

3.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

4.- Rogos e preguntas.

PARTE RESOLUTIVA DA SESIÓN

1.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 2/2016.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 11 de maio de 2016, como segue:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA (Asunto: Expediente de Recoñecemento Extraxudicial 3/2016).

D. JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO, Alcalde – Presidente do Moi Leal e Excmo. Concello de Carral, considerando que entre o 15 de febreiro de 2016 e a data actual, foron presentadas ao Concello de Carral facturas por importe de 16.016,00 €, de forma que, por causas externas a esta administración, incumpríuse así o procedemento de “aprobación do gasto público” que regula o texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (aprobado por Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo).

Tendo en conta que a non aprobación destas facturas para o seu posterior pagamento suporía un “enriquecemento inxusto da Administración” e que o artigo 26.2.c do RD 500/90 do 20 de abril, sinala que con cargo ao orzamento corrente podería contraerse obrigas “procedentes de exercicios anteriores a que se refire o art. 60.2 deste Real Decreto”. Sinalando á súa vez, o art. 60.2 que “Corresponden o Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria”.

PROPOÑO ó Pleno desta Entidade, logo da fiscalización pola Intervención Municipal a aprobación do Expediente de RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL 3/2016 dos créditos que se presentan como Anexo I a este Expediente por importe total de 16.016,00 €.”.

ANEXO I: RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL 3/2016.

Nº Entrada	Tercero	Nombre	Nº Factura	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica
F/2016/318	B15474844	FERREIRO Y COUTO S.L.	FT115 1135	10/12/15	137,00 €	150	21400
F/2016/319	B15474844	FERREIRO Y COUTO S.L.	Emit- FT115 1137	10/12/15	161,00 €	150	21400
F/2016/320	B15474844	FERREIRO Y COUTO S.L.	Emit- 2	10/12/15	177,00 €	150	21400
F/2016/321	B15474844	FERREIRO Y COUTO S.L.	FT115 1139	10/12/15	166,00 €	340	21400
F/2016/322	B15474844	FERREIRO Y COUTO S.L.	FT115 1140	10/12/15	715,00 €	150	21400




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

F/2016/323	B15474844	FERREIRO Y COUTO S.L.	FT115 1141	10/12/15	119,00 €	150	21400
F/2016/324	B15474844	FERREIRO Y COUTO S.L.	FT115 1142	10/12/15	263,00 €	150	21400
F/2016/325	B15474844	FERREIRO Y COUTO S.L.	FT115 1143	10/12/15	127,00 €	150	21400
F/2016/498	B70318282	AMBULANCIAS CERCEDA S.L.	Rect-14 25	30/06/14	118,00 €	341	22610
F/2016/499	B70318282	AMBULANCIAS CERCEDA S.L.	Rect-14 27	30/06/14	118,00 €	341	22610
F/2016/500	B70318282	AMBULANCIAS CERCEDA S.L.	Rect-15 18	04/06/15	122,00 €	341	22610
F/2016/501	B70318282	AMBULANCIAS CERCEDA S.L.	Rect-15 25	04/06/15	480,00 €	338	22626
F/2016/502	B70318282	AMBULANCIAS CERCEDA S.L.	15 27	04/06/15	122,00 €	341	22610
F/2016/503	B70318282	AMBULANCIAS CERCEDA S.L.	15 49	17/11/15	122,00 €	341	22610
F/2016/504	B70318282	AMBULANCIAS CERCEDA S.L.	15 61	31/12/15	122,00 €	341	22610
F/2016/554	B70311618	MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE	S-2016- 296	29/12/15	134,00 €	341	22610
F/2016/720	B70067020	ELECTRICIDAD SAGOVA S.L.	Emit- 0201617	24/02/16	1.504,00 €	165	22799
F/2016/721	B70067020	ELECTRICIDAD SAGOVA S.L.	Emit- 0201631	31/03/16	1.987,00 €	165	22799
F/2016/736	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO S.L.	Emit- 19	26/04/16	622,00 €		22103
F/2016/737	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO S.L.	Emit- 20	26/04/16	751,00 €		22103
F/2016/738	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO S.L.	Emit- 21	26/04/16	539,00 €		22103
F/2016/739	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO S.L.	Emit- 22	26/04/16	626,00 €		22103
F/2016/740	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO S.L.	Emit- 23	26/04/16	746,00 €		22103
F/2016/741	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO S.L.	Emit- 24	27/04/16	338,00 €		22103
F/2016/742	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO S.L.	Emit- 25	27/04/16	417,00 €		22103
F/2016/743	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO S.L.	Emit- 26	27/04/16	356,00 €		22103
F/2016/773	B15820541	INTELGA-SOUTO S.L	Rect-Emit- 15	30/09/15	1.140,00 €		22111
F/2016/774	B15820541	INTELGA-SOUTO S.L	Emit- 16	31/10/15	664,00 €		22111
F/2016/775	B15820541	INTELGA-SOUTO S.L	Emit- 17	01/12/15	3.123,00 €		22111
					16.016,00 €		

Asemade, consta no expediente o informe da Intervención do Concello con data do 11 de maio de 2016 que



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

se transcribe a continuación:

"INFORME DE INTERVENCIÓN

(ASUNTO: Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 3/2016.)

Vista a relación de créditos procedentes de exercicios pechados por importe total de 16,016,00 €, presentadas pola Alcaldía- Presidencia para que se asuman como propias desta Corporación por ter realizado a prestación a favor da mesma e que se presentan como proposta para o Pleno, esta Intervención Municipal, presenta o seguinte **INFORME**:

PRIMEIRO.- O artigo 176 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL), establece o principio de temporalidade dos créditos nos seguintes termos:

"1. Con cargo a los créditos del estado de gastos de cada presupuesto sólo podrán contraerse obligaciones derivadas de adquisiciones, obras, servicios y demás prestaciones o gastos en general que se realicen en el año antual del propio ejercicio presupuestario.

2. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, se aplicarán a los créditos del presupuesto vigente, en el momento de su reconocimiento, las obligaciones siguientes:

a) Las que resulten de la liquidación de atrasos a favor del personal que reciba sus retribuciones con cargo a los presupuestos generales de la entidad local.

b) Las derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en ejercicios anteriores, previa incorporación de los créditos en el supuesto establecido en el artículo 182.3"

Esto quere dicir que a imputación ao orzamento corrente de gastos realizados no exercicio anterior, por non ser recoñecidas as obrigas no mesmo, require, a modificación dos créditos orzamentarios, mediante a incorporación dos remanentes de crédito do exercicio anterior ao cal deberon imputarse tais gastos. A incorporación de créditos, pola súa parte, deberá contar cos recursos financeiros suficientes, polo que, si o orzamento actual non conta con eles, haberá que dispoñer do remanente líquido de tesoureríaxercicio que se pecha.


En caso de que non existan posibilidades de incorporar os remanentes de crédito, ben por non ter financiamento, ben porque fóra sobrepasado a consignación orzamentaria e os remanentes resulten insuficiente, a imputación ao orzamento corrente de gastos realizados no exercicio anterior, requerirá do recoñecemento extraxudicial de créditos ao que fai referencia o artigo 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril. Porén, con este procedemento se está a indispoñibilizar crédito para atender gastos do exercicio corrente, ocasionando que no exercicio seguinte poidan quedar de novo créditos pendentes de aprobar por falla de existencia de crédito no exercicio correspondente.

Este procedemento especial ten a súa base, na aplicación do **principio de enriquecemento inxusto**, en tanto que segundo o Tribunal Supremo "no se pode alegar como impedimento no cumprimento da obriga de pago a ausencia de certas formalidades" (SSTS 12 de febreiro de 1990, 25 e 8 de outubro de 1986, entre outras); para a aplicación do principio requírese que se produza un enriquecemento pola Administración, co correspondente empobrecemento por parte do contratista, representado nestes casos como lucro cesante; que exista unha falla de xustificación do enriquecemento; e finalmente, que non exista un precepto legal que exclúa a aplicación do principio. Neste senso se pronuncian as sentencias do Tribunal Supremo de datas 16 de abril e 1 de xullo de 2002 e 15 de outubro de 1999.

SEGUNDO.- Outra cuestión moi diferente se produce cando as facturas correspondintes a gastos realizados no exercicio que se pecha teñen a súa entrada no rexistro no novo ano. Non pode ser aprobado ou recoñecida unha obriga coio importe aínda non consta no Concello. Polo tanto, as facturas que se presentan no mes de xaneiro, febreiro ou posterior, deben ser rexistradas na data de presentación e tramitadas para a súa imputación ao orzamento corrente, mediante o recoñecemento extraxudicial de créditos. Nesta situación atópanse todas as facturas incluídas neste recoñecemento extraxudicial.

TERCEIRO.- Á figura do recoñecemento extraxudicial de créditos refírese o artigo 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, no que se di que a súa aprobación corresponderalle ó Pleno da Corporación, sempre que non exista dotación orzamentaria. Interpretado este precepto en senso contrario, resulta que será o Presidente da corporación o Órgano competente para a súa aprobación sempre que exista dotación orzamentaria aplicable. Por tanto, ben sexa para a aplicación inmediata da lexislación xeral, ben para a aplicación do acordo corporativo, a cuestión fundamental está en determinar cando existe dotación orzamentaria aplicable. Non incluíndose no orzamento do 2016, actualmente prorrogado, expresamente crédito específico para esta aprobación, correspondendo polo tanto a devandita aprobación ó Pleno.

Hai que ter en conta, que as facturas incluídas neste segundo Recoñecemento Extraxudicial do 2016 se atopan todas neste suposto, posto que son facturas do exercicio 2015, pero que foron entregadas no Concello e, a través da plataforma FACE, no exercicio 2016.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.:

CUARTO.- O procedemento que se haberá de seguir consta dos seguintes trámites:

- Proposta de alcaldía incoando o procedemento: deberá ir acompañada dos documentos acreditativos debidamente conformados

- Fiscalización pola Intervención.

- Dictame da Comisión Informativa de Facenda.

- Aprobación polo Pleno do expediente: tal aprobación comportará a emisión do documento contable "ADO".

Á Vista do exposto, esta Intervención Municipal INFORMA que existe crédito orzamentario no exercicio 2016 para facer fronte os gastos propostos e nas partidas propostas pola Alcaldía ó Pleno.

En virtude do exposto, o Pleno, co seu superior criterio, acordará o que estime oportuno.

Carral, 11 de maio de 2016

A INTERVENTORA

Asdo.: Noemí González Mato.".

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno (segundo a acta redactada por quen actuou coma secretaria accidental do Concello nela, a técnica xurídica D^a Sonia campos Ares), emitiu na súa sesión extraordinaria do 26 de maio de 2016 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a tres votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión, e coa abstención do señor concelleiro do grupo mixto (ACC/SON) presentes na sesión.

DEBATE

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto, ACC/SON) dá as "grazas" por ter que acudir a estas horas, e os seus "parabéns" ao señor Alcalde por facer dous plenos, ás 10:30 e ás 11, "tendo en conta a conciliación laboral", e aos membros do equipo de goberno, por non seren capaces de convencelo para que as sesións sexan ao principio ou ao final da mañá ou polas tardes. Manifesta que se propón o terceiro recoñecemento extraxudicial do ano, e que xa se recoñeceron de tal xeito máis de 300.000 €, aos que agora se suman outros 16.000€. Coida que se trata dunha explicación do mal que se están a xestionar os cartos dos veciños. Lembra que no primeiro se meteron servizos sociais, teléfonos ou auga, que debían recoñecerse a cargo do 2015. Neste, hai facturas por gasolina, algunhas delas entregadas en xaneiro ou febreiro, e considera que, se a estación de servizo non é capaz de presentalas antes, "parece unha tomadura de pelo". Coida que, como di a Interventora no seu informe, "estamos a hipotecar o orzamento deste ano".

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) manifesta que segue a amosar o seu abraio, e opina que non se planifican ben os orzamentos, pois case un 10% deles se executa mediante recoñecementos extraxudiciais de crédito, o que, na súa opinión, "está disparado en relación a outros concellos". Pregunta ao señor Secretario se se vai traer ao pleno o peche do exercicio, ao que este lle explica que a liquidación do orzamento se aproba por decreto da Alcaldía e de tal resolución se dá conta ao Pleno, mentres que a aprobación da conta xeral (da que forma parte a devandita liquidación), si é de competencia plenaria. O señor Couto engade que o seu grupo vai votar en contra da proposta, porque, na súa opinión "non se fixeron ben os deberes".

A señora Duarte Gerpe (grupo municipal do PP) lembra que xa se explicou na comisión informativa que hai que recoñecer os servizos prestados, e que tamén explicou a señora Interventora que, polo cambio á facturación electrónica, houbo varias facturas que se presentaron fóra de prazo por erros. Engade que, se o gasto está feito, o Concello debe asumilo e que, por tanto, non sabe se este será o derradeiro expediente, mais segueranse recoñecendo, porque hai obriga de pagar os servizos prestados.

O señor Bergondo Trillo replica que lle parece que a señora Duarte está trabucada, pois estas facturas deberían cargarse ao remenente líquido de 2015 mais, como non existe, por iso aparece o recoñecemento extraxudicial. Engade que o asunto non tería que vir a Pleno se hai crédito, mais que, como non existe, por iso se leva a Pleno. Reitera que, na súa opinión, isto se deriva de levar unha mala xestión.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

O señor Couto López reitera a súa opinión de que a planificación orzamentaria non se fai ben, ao que a señora Duarte Gerpe replica que non se fará tan mal cando estes expedientes se fixeron en todas as corporacións, pois o Concello debe recoñecer as súas débedas.


VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por sete votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, fronte a seis votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e mixto (ACC-SON) presentes na sesión, adoptando os seguintes acordos:

Aprobar o Expediente de RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL 3/2016 dos créditos que se presentan como Anexo I a este Expediente por importe total de 16.016,00 €.

ANEXO I: RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL 3/2016.

Nº Entrada	Tercero	Nombre	Nº Factura	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica
F/2016/318	B15474844	FERREIRO Y COUTO S.L.	FT115 1135	10/12/15	137,00 €	150	21400
F/2016/319	B15474844	FERREIRO Y COUTO S.L.	Emit- FT115 1137	10/12/15	161,00 €	150	21400
F/2016/320	B15474844	FERREIRO Y COUTO S.L.	Emit- 2	10/12/15	177,00 €	150	21400
F/2016/321	B15474844	FERREIRO Y COUTO S.L.	FT115 1139	10/12/15	166,00 €	340	21400
F/2016/322	B15474844	FERREIRO Y COUTO S.L.	FT115 1140	10/12/15	715,00 €	150	21400
F/2016/323	B15474844	FERREIRO Y COUTO S.L.	FT115 1141	10/12/15	119,00 €	150	21400
F/2016/324	B15474844	FERREIRO Y COUTO S.L.	FT115 1142	10/12/15	263,00 €	150	21400
F/2016/325	B15474844	FERREIRO Y COUTO S.L.	FT115 1143	10/12/15	127,00 €	150	21400
F/2016/498	B70318282	AMBULANCIAS CERCEDA S.L.	Rect-14 25	30/06/14	118,00 €	341	22610
F/2016/499	B70318282	AMBULANCIAS CERCEDA S.L.	Rect-14 27	30/06/14	118,00 €	341	22610
F/2016/500	B70318282	AMBULANCIAS CERCEDA S.L.	Rect-15 18	04/06/15	122,00 €	341	22610
F/2016/501	B70318282	AMBULANCIAS CERCEDA S.L.	Rect-15 25	04/06/15	480,00 €	338	22626
F/2016/502	B70318282	AMBULANCIAS CERCEDA S.L.	15 27	04/06/15	122,00 €	341	22610
F/2016/503	B70318282	AMBULANCIAS CERCEDA S.L.	15 49	17/11/15	122,00 €	341	22610
F/2016/504	B70318282	AMBULANCIAS CERCEDA S.L.	15 61	31/12/15	122,00 €	341	22610
F/2016/554	B70311618	MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE	S-2016- 296	29/12/15	134,00 €	341	22610
F/2016/720	B70067020	ELECTRICIDAD SAGOVA S.L.	Emit- 0201617	24/02/16	1 504,00 €	165	22799



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

F/2016/721	B70067020	ELECTRICIDAD SAGOVA S.L.	Emit- 0201631	31/03/16	1.987,00 €	165	22799
F/2016/736	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO S.L.	Emit- 19	26/04/16	622,00 €		22103
F/2016/737	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO S.L.	Emit- 20	26/04/16	751,00 €		22103
F/2016/738	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO S.L.	Emit- 21	26/04/16	539,00 €		22103
F/2016/739	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO S.L.	Emit- 22	26/04/16	626,00 €		22103
F/2016/740	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO S.L.	Emit- 23	26/04/16	746,00 €		22103
F/2016/741	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO S.L.	Emit- 24	27/04/16	338,00 €		22103
F/2016/742	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO S.L.	Emit- 25	27/04/16	417,00 €		22103
F/2016/743	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO S.L.	Emit- 26	27/04/16	356,00 €		22103
F/2016/773	B15820541	INTELGA-SOUTO S.L	Rect-Emit- 15	30/09/15	1.140,00 €		22111
F/2016/774	B15820541	INTELGA-SOUTO S.L	Emit- 16	31/10/15	664,00 €		22111
F/2016/775	B15820541	INTELGA-SOUTO S.L	Emit- 17	01/12/15	3.123,00 €		22111
					16.016,00 €		

PARTE DA SESIÓN DE CONTROL DOS DE MAIS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN

2.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA E, NO SEU CASO, DE REPAROS DA INTERVENCIÓN DO CONCELLO.

O señor Alcalde expón que os/as señores/as membros da Corporación tiveron á súa disposición os seguintes decretos ditados pola Alcaldía entre o 15 de marzo de 2016 e o 26 de maio de 2016 (dende a convocatoria da anterior sesión con contido de ordinaria do Pleno, até a convocatoria da presente sesión plenaria), dos que se deu conta ao Pleno. Asemade, dáse conta de catro reparos suspensivos da Intervención do Concello, e das catro resolucións (nº 91, 102, 116 e 123/2016) adoptadas pola Alcaldía contrarias a aqueles, polos motivos que nelas se indican, en cumprimento do establecido no artigo 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, na súa redacción outorgada polo artigo 2.3 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Nº	DATA	ASUNTO
82/2016	15/03/2016	Asunto:Aprobación dos Marcos Orzamentarios para o período 2017-2019
83/2016	17/03/2016	Asunto:X.G.L. 4/2016 (Mandato 2015-2019) extraordinaria (18/03/2016)
84/2016	17/03/2016	Asunto:Solicitud a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de






Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

Galicia do establecemento dun acordó de colaboración co Concello de Carral (A Coruña) para a execución das obras denominadas "Reurbanización das rúas Uxio Novoneira, Pinguela e Cortaduría en Carral"

85/2016	17/03/2016	Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 10/2016
86/2016	18/03/2016	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 6/2016
87/2016	18/03/2016	Asunto: Expedientes sancionadores de multas de tráfico
88/2016	18/03/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Gestiones Inmobiliarias Esnero, S.L. (EXP.LP 6/2016)
89/2016	18/03/2016	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra os incendios forestais (Exp FOR 3/2016)
90/2016	22/03/2016	Asunto: Solicitude á Xunta de Galicia (Axencia Turismo de Galicia) de subvención para a realización do proxecto "Mellora da sinalización do Roteiro Costa da Égoa e accesibilidade a Fervenza do Batán" ao abeiro da resolución do 19 de febreiro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos para o apoio aos investimentos para uso público en infraestrutura recreativa, información turística e infraestrutura turística a pequena escala, mediante o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola e Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2016.
91/2016	28/03/2016	Asunto: Aprobación nóminas de marzo 2016, previo levantamento de reparo suspensivo da Intervención do Concello 5/2016
92/2016	28/03/2016	Asunto: Recoñecemento da obriga e pagamento factura 50/29-2-2016 Rebeca Rivera Sar
93/2016	28/03/2016	Asunto: Concesión Urxente de prestación do servizo de axuna no fogar (libre concorrencia) a D. Carlos Sánchez Fernández
94/2016	29/03/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/as D. Julio Morandeira Ponte (EXP: LP 7/2016)
95/2016	30/03/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. José Manuel Vidal Doval (EXP.LP 8/2016).
95bis/2016	30/03/2016	Asunto: Resolución de Inicio Procedementos Sancionadores de tráfico
96/2016	31/03/2016	Asunto: Solicitude á Xunta de Galicia (COnsellería de Política Social) de transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal para o ano 2016.
97/2016	01/04/2016	Asunto: Concesión prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a D ^a . Matilde Rey Lale.
98/2016	04/04/2016	Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 11/2016
99/2016	04/04/2016	Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 12/2016
100/2016	04/04/2016	Asunto: Liquidación de taxas por aboamentos complexo deportivo (abril 2016)
101/2016	05/04/2016	Asunto: Aprobación certificación nº 3 e 4 e derradeira da obra "Acondicionamento de estradas locais en Quembre. Concello de Carral", ao abeiro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2015, da Deputación de A Coruña.
102/2016	05/04/2016	Asunto: Levantamento de reparo suspensivo 6/2016, emitido no tocante ao recoñecemento da obriga de relación de facturas proposta pola Alcaldía o 1 de abril de 2016, por importe de 61 876,36 €
103/2016	06/04/2016	Asunto: Incremento da contía da autorización do pagamento a xustificar 12/2016
104/2016	07/04/2016	Asunto X G L 5/2016 (mandato 2015-2019) ordinaria (08/04/2016)





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

105/2016	07/04/2016	Asunto:Liquidación de prezo público por escolas culturais e deportivas (abril de 2016)
106/2016	12/04/2016	Asunto:Solicitude á Deputación Provincial da Coruña de subvención para o "Servizo de socorrismo das Piscinas Municipais do Concello de Carral.-_Tempada de verán 2016", ao abeiro da convocatoria do programa de socorrismo dirixido a concellos da provincia durante o exercicio 2016.
107/2016	12/04/2016	Asunto:Liquidación servizo axudas no fogar-prestacións básicas e dependencia-(marzo de 2016)
108/2016	12/04/2016	Asunto:Aprobación da liquidación do Orzamento Xeral do Concello para 2015
109/2016	13/04/2016	Asunto:Aprobación e pagamento á Xunta de Galicia (Consellería de Economía e Facenda)de taxa por "anuncio do DOG relativo a Aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).
110/2016	14/04/2016	Asunto:Comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular por baixa médica (enfermidade común) ata a incorporación ao servizo activo do titular.
111/2016	18/04/2016	ASUNTO: Aprobación do proxecto modificado de programa mixto de emprego e formación para a mocidade "valoración de espazos públicos e mellora dos servizos municipais" e solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.
112/2016	18/04/2016	<i>Asunto: Adquisición de terreo na parroquia de Sergude, propiedade de don Andrés Andrade Gómez, a título oneroso, para a creación dun parque e un xardín ao carón do actual albergue de peregrinos.</i>
113/2016	21/04/2016	<i>Asunto: Advocación atribución delegada na Xunta de Goberno Local e aprobación e inmediato pagamento das facturas 201600336 e 201600501 emitidas por Nova Galicia Edicións S.L</i>
114/2016	21/04/2016	<i>Asunto: Aprobación e pagamento de 2.286,99 € en concepto de xuros e aprobación do pagamento mensual de 442,18€ dende abril ata decembro de 2016 a don M. Alfonso Fachal Bermúdez relativos a execución de sentenza xudicial.</i>
115/2016	21/04/2016	<i>Asunto: Aprobación e pagamento de 2.286,99 € en concepto de xuros e aprobación do pagamento no mes de abril de 6.713,01€ e de 263,02€ dende maio ata decembro de 2016 a don M. Guillermo Ríos Varela relativos a execución de sentenza xudicial.</i>
116/2016	21/04/2016	<i>Asunto: Levantamento reparo suspensivo 7/2016 e aprobación de facturas por importe total de 35. 270,84€</i>
117/2016	21/04/2016	<i>Asunto: Aprobación da devolución total do pago a xustificar 10/2016 a nome de don Carlos Barbeito Rey por importe de 100€.</i>
118/2016	21/04/2016	Asunto: Aprobación da conta xustificativa do pago a xustificar 11/2016 a nome de don Carlos Alberto Frago Parga por importe de 733,88€.
119/2016	21/04/2016	<i>Asunto: Aprobación da conta xustificativa do pago a xustificar 12/2016 a nome de dona Margarita Ramilo Varela por importe de 2.920€.</i>
120/2016	25/04/2016	<i>Asunto: Concesión pago a xustificar 13/2016 a favor de dona Margarita Ramilo Varela por importe de 400€ e conminación para a xustificación nun prazo de tres meses.</i>
121/2016	25/04/2016	<i>Asunto: Interposición de recurso de apelación contra o auto 28/2016, do once de abril de dous mil dezaseis, ditado polo Xulgado Cotencioso/Administrativo nº 4 da Coruña no procedemento ordinario 287/2005 e designación letrado.</i>






Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

122/2016	26/04/2016	Asunto: X.G.L. 6/2016 (Mandato 2015-2019), ordinaria (28/04/2016)
123/2016	26/04/2016	Asunto: Levantamento reparo suspensivo 8/2016 e aprobación das nóminas de persoal do mes de abril.
124/2016	26/04/2016	Asunto: Aprobar a taxa "autorización exposicións e certames" e o seu pagamento por importe de 13,58€.
125/2016	27/04/2016	Asunto: Disponibilidade dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras que se recollen na cláusula primeira do Convenio asinado entre este Concello e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación da Xunta de Galicia.
126/2016	28/04/2016	Asunto: Solicitud a Xunta de Galicia de subvención ao abeiro da Orde do 11 de marzo de 2016, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións a concellos de Galicia para o equipamento e mellora de instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais.
127/2016	28/04/2016	Asunto: xestión de biomasa por parte de don Manuel Montes Villamarín na parcela 408 do polígono 502 situada en Vistarreal, Santa Baia de Cañás.
128/2016	02/05/2016	Asunto: concesión do anticipo de caixa fixo 2/2016 por importe de 2.000€ a favor de dona Nuria Aradas Carollo para atender gastos de emerxencia social.
129/2016	03/05/2016	Asunto: baixa na prestación do servizo de axuda no fogar de don Carlos Sánchez Fernández, con DNI 32446340X.
130/2016	03/05/2016	Asunto: Designación do xurado do XIX Concurso de Poesía. "Concello de Carral"
131/2016	04/05/2016	Asunto: Aprobación das liquidacións do mes de maio de 2016 das escolas culturais e deportivas por importe de 3.977€.
132/2016	09/05/2016	Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (maio de 2016) por importe de 5.749€.
133/2016	09/05/2016	Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións de dependencia e básica - (abril de 2016) por importe de 1.606,41€ e 3.542,39 € respectivamente.
134/2016	11/05/2016	Asunto: Solicitud a Xunta de Galicia de subvención ao abeiro da Orde do 31 de marzo de 2016, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se establecen as bases para a concesión de subvención ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega. (ED115A)
135/2016	12/05/2016	Asunto: Concesión pago a xustificar 14/2016 a favor de dona Florinda Duarte Gerpe por importe de 700€ e conminación para a xustificación nun prazo de tres meses
136/2016	12/05/2006	Asunto: Concesión pago a xustificar 15/2016 a favor de don Carlos Lorenzo Pérez por importe de 300€ e conminación para a xustificación nun prazo de tres meses






Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.:

137/2016	12/05/2016	Asunto: Concesión pago a xustificar 16/2016 a favor de don Rubén Regueira Moar por importe de 2.500€ e conminación para a xustificación nun prazo de tres meses.
138/2016	12/05/2016	Asunto: Concesión pago a xustificar 17/2016 a favor de dona Eva Cacheiro Salorio por importe de 100€ e conminación para a xustificación nun prazo de tres meses.
139/2016	13/05/2016	Asunto: Aprobación da conta xustificativa do pago a xustificar 13/2016 a nome de dona Margarita Ramilo Varela por importe de 400€.
140/2016	13/05/2016	Asunto: Solicitud a Xunta de Galicia de subvención ao abeiro da Orde do 21 de marzo de 2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2016 para a adxudicación de equipamento de emerxencias, en réxime de concurrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa Feder-Galicia 2014-2020.
141/2016	13/05/2016	Asunto: Concesión pago a xustificar 18/2016 a favor de dona Margarita Ramilo Varela por importe de 186,34€ e conminación para a xustificación nun prazo de tres meses.
142/2016	13/05/2016	Asunto: Corrección de erro material no decreto da Alcaldía 108/2016, de 12 de abril de 2016, de aprobación da liquidación do Orzamento Xeral do Concello para 2016. ASUNTO: Aprobar e realizar o pagamento material de 8.936,78 € como importe de xuros e 4.265,47 € fixados por decretos de 22 de xaneiro de 2016 e de 15 de decembro de 2015, respectivamente, polo xulgado do social nº 3 de A Coruña, en relación ao nº de autos 49/2005, nº de execución 128/2009.
143/2016	13/05/2016	ASUNTO: X.G.L. 7/2016 (mandato 2015-2019), ordinaria (18/05/2016)
144/2016	16/05/2016	ASUNTO: Aceptación de la ayuda concedida por el Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía al amparo de la resolución del 26 de abril de 2016 del Director General del IDAE por la que se concede a este Ayuntamiento préstamo reembolsable por importe de 357.289,00€ en el contexto de la Resolución del Consejo de Administración del IDAE de 24 de marzo de 2015.
145/2016	18/05/2016	ASUNTO: Comisión Informativa Permanente de asuntos xerais do Pleno nº 3/2016 (mandato 2015/2019), extraordinaria (26/05/2016).
146/2016	23/05/2016	
147/2016	25/05/2016	Asunto: Concesión de ampliación de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concurrencia) a dona María Elena Vecino Fachal, con DNI 32410225M.
148/2016	25/05/2016	Asunto: concesión urxente de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concurrencia/concesión urxente) a Dona Palmira Blanco López
149/2016	25/05/2016	Asunto: Baixa temporal na prestación do servizo de axuda no fogar de dona Manuel Rodríguez Santiso, con DNI 76273684A.
150/2016	25/05/2016	Asunto: baixa definitiva na prestación do servizo de axuda no fogar de dona Dolores Fachal Barros, con DNI 32185172F.
151/2016	25/05/2016	Asunto: Convocatoria pleno extraordinario 3/2016 de data 30 de maio de 2016, as 10.30 horas
152/2016	25/05/2016	Asunto: Convocatoria pleno extraordinario 4/2016 de data 30 de maio de 2016, as 11.00 horas

3.- MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO.

O señor Alcalde pregunta se algún grupo municipal desexa presentar algunha moción, segundo o establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.:

regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante) e, dado que os señores voceiros dos grupos municipais mixto (ACC/SON) e do PSdeG-PSOE indican que si, procédese de seguido segundo o establecido no artigo 91.4 ROF en relación ás mocións que presentan tales grupos municipais.

3.1.-Moción do grupo municipal mixto (ACC/SON) en defensa dos dereitos das persoas refuxiadas.

EXPOSICIÓN

O señor Bergondo Trillo, voceiro do grupo municipal mixto (ACC/SON) expón que a Rede Galega en Apoio ás Persoas Refuxiadas enviou unha petición que e o seu grupo municipal entregoucoma moción por escrito (nº de rexistro de entrada 1.046, do 9 de maio de 2016), como segue:

“ASUNTO: INSTANCIA EN DEFENSA DOS DEREITOS DAS PERSOAS REFUXIADAS

Á atención do Sr. Alcalde José Luis Fernández Mourino

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 9 de maio celébrase o día de Europa. A data conmemora o día no que Robert Schuman, Ministro francés de Asuntos Exteriores, leu a Declaración o seu nome e que sendo parte das bases do que hoxe é a Unión Europea cinco anos despois da finalización da II Guerra Mundial.

“A paz mundial non pode salvagardarse sen uns esforzos creadores equiparables aos perigos que a amenazan” ou “Europa non se fará dunha vez nin nunha obra de conxunto: farase grazas a realizacións concretas, que creen en primeiro lugar unha solidariedade de feito”son frases desta declaración.

Case 70 anos máis tarde, vivimos a peor crise de persoas desprazadas desde a II Guerra Mundial. Esta é unha cirse da humanidade e de solidariedade. Unha barbarie. Unha sucesión de conflitos armados, guerras e inxerencias extemar que ameazan con dexenerar aínda máis se non se toman medidas urxentes.

É a constatación dun modelo errado de xestión migratoria e dunha Europa vergonzosa, moi afastada dos seus valores fundacionais e da cidadanía á que representa.


Máis 60 millóns de persoas seguen saíndo das súas casas en países como Siria, Afganistán, Iraq, Palestina, Eritrea, Nixeria ou Somalia apra fuxir da guerra, da fame ou da violencia sexual. Escapan de conflitos provocados por intereses xeoestratéxicos e económicos que promoven o espolio de riquezas e a venda de armas. O Mar Mediterráneo e as fronteiras europeas seguen sendo as fosas comúns nas que miles de persoas perden as súas vidas: máis de 4.000 en 2015; 400 a pasada semana. Seguimos vivindo con absoluto desconcerto a “perda” de máis de 10.000 nenos e nenas en mas das redes de trata. Tamén, os abusos sexuais de centos de mulleres refuxiadas.

Mentres tanto, os gobernos europeos actúan dun xeito inmoral que lembra perigosamente a tempos pasados. O pasado mes de setembro a Unión Europea comprometeuse a acoller a máis de 120.000 persoas refuxiadas, 17.000 no Estado español. En cambio, no Estado español só se acolleron 12 persoas ata agora.

Todo isto contrasta coa vontade da cidadanía europea. As mobilizacións cidadás a favor dos dereitos da poboación refuxiada e desprazadas, así como os datos dos últimos Eurobarómetros, son boa mostra de que, de novo, a cidadanía está moi por encima de quen goberna (o 85% da cidadanía do Estado español e o 65% da cidadanía europea está a favor de axudas ás persoas refuxiadas segundo os datos do Eurobarómetro de febreiro).

O último, e máis infame, chega agora co acordo entre a Unión Europea e Turquía, o xa coñecido con acordo da vergoña. O acordo entre a UE e Turquía aproba a expulsión das persoas que chegan a Grecia a Turquía; sen importar a súa idade, a súa nacionalidade, as súas circunstancias persoais ou o motivo que lles obrigou a fuxir do seu país. O acordo é inmoral e tamén ilegal, a súa aplicación práctica vulnera a normativa europea e internacional e supón un risco para a vida de moitas persoas refuxiadas.

Tal é o caso que a propia Comisión Española de Axuda ao Refuxiado (CEAR) decidiu denunciar o acordo UE-Turquía ante a Comisión Europea, O Consello de Europa e O Defensor do Pobo Europeo pola vulneración dos dereitos das persoas refuxiadas.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.:

POR TODO ISTO, INSTAMOS AO CONCELLO DE CARRAL

A. Realicen un acto simbólico en rexeitamento ao acordo ente a UE e Turquía e en recoñecemento das persoas que perderon a vida nas nosas fronteiras baixando a bandeira a media hasta.

B. Mostren o seu máis firme rexeitamento ao a UE e Turquía co obxectivo de garantir:

1. Rutas legais e seguras sen condicións
É necesaria unha alternativa humana, legal e responsable, baseada no reasentamiento incondicional de persoas refuxiadas cun número de prazas suficientes e nunha vontade política dos países da UE para que o sistema de recolocación respecte os dereitos humanos.

2. O cumprimento dos convenios internacionais e as directivas e lexislacións europeas en materia de asilo e refuxio. As persoas solicitantes de asilo teñen dereito a procedementos de asilo individualizados e con todas as garantías.

3. O respecto dos dereitos humanos nas fronteiras e garantía na protección das persoas, en especial ás menores e as máis vulnerables.

Unha de cada tres persoas que están a chegar a Europa son menores, a maioría das cales se atopan sen escolarizar. Tamén as mulleres sofren de maneira especial esta crise ao estar expostas ao acoso, á explotación e á violencia sexual durante a viaxe e, tamén, ao chegar a Europa. A Convención dos Dereitos da Infancia é moi clara en relación coa protección especial que deben ter as menores refuxiadas ou que soliciten asilo.

C. Aproben unha moción para que recolla as demandas da Rede Galega en Apoio ás Persoas Refuxiadas para garantir ou instar a outros niveis de goberno a:

*Facilitar o empadroamento das persoas refuxiadas que cheguen ao municipio e facilitar os trámites ás persoas que xa o solicitaron.

*Poñer a disposición das persoas migrantes e refuxiadas os recursos que tamén benefician ao conxunto das persoas en situación de pobreza e/ou exclusión: recursos sanitarios, de reforzo escolar e educación inclusiva plena, de tradución, de integración e mediación, etc.

*A posta en marcha programa de formación dirixido ao persoal das administracións públicas que atenden en distintos servizos a persoas migrantes e refuxiadas.

*Interlocución entre as diferentes administracións: estatal, autonómica e local. Que as organizacións sociais e os concellos traballen conxuntamente, man a man, na posta en marcha de campañas de sensibilización dirixidas á poboación para combater os discursos racistas e xenófobos.

*Ampliar e axilizar o sistema de asilo para as persoas que xa están no Estado español e que actualmente están pendentes de ser atendidas, mediante o reforzo da Oficina de Asilo e Refuxio do Ministerio do Interior e de persoal debidamente formado nas Oficinas de Estranxería, para conseguir unha maior axilidade nas entrevistas de solicitude.

*Unha maior sensibilidade á hora de dar resposta ás persoas que poden acceder ao sistema de acollida porque está colapsado (en lugares como Madrid tórdase un mínimo de 4 meses en obter unha cita).

*Recuperar os fondos de cooperación ao desenvolvemento e os programas de atención á poboación de orixe estranxeira previos aos recortes, o cal contribuirá a mellorar a situación nos países de orixe e a construír unha sociedade xusta e cohesionada.


*Que se actúe sobre os problemas de orixe: adoptando medidas para loitar contra a desigualdade, reducir a pobreza e previr os conflitos armados nas zonas de orixe; cumprindo rigorosamente co Tratado do Comercio de Armas; e garantindo que as políticas comerciais, económicas e diplomáticas respectan os dereitos humanos e os recursos locais e que as empresas transnacionais non esquilman os recursos dos países de orixe e cumpren as leis de transparencia e fiscalidade.

*Que revise en profundidade a política migratoria e exterior europea.
Atentamente,

Cesar Bergondo Trillo
9 de maio de 2016 "

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC-SON) indica que no acto de entrega do premio de poesía na Casa da Cultura, o gañador, Modesto Fraga, leu unha das poesías do libro premiado, adicada a unha rapaza que perdeu toda a súa familia, e manifesta que lle gustaría que, igual que o Alcalde se emocionou no acto, o Concello fixese algo en solidariedade con estas persoas que o están a pasar mal.

O señor Alcalde resposta que coida que se está facendo o que se pode en relación ás persoas que veñan a



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

España. En calquera caso, opina que a moción se presenta a destempo, e considera que baixar as bandeiras non significaría nada. Coida que hai que ver o que queren que se faga os países da Unión Europea, e opina que todos somos sensibles e dóennos as persoas que sofren, e que para iso a Unión está a buscar a mellor solución. Lembra que Carral xa ofreceu infraestruturas para acoller a familias, e cre que iso xa está feito, fronte a unha moción que considera chea de ambigüidade.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada, co voto en contra dos/as sete señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a cinco votos a favor (catro, dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE Couto López, Cetina Mochales, Blanco Fidalgo e Rodríguez Lado- e do único membro do grupo mixto), e coa abstención do señor Orgeira Campelo (grupo municipal do PSdeG-PSOE), polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

3.2.-Moción do grupo municipal mixto (ACC/SON) para a creación do novo ROM por parte dos concelleiros.

EXPOSICIÓN

O señor Bergondo Trillo, voceiro do grupo municipal mixto (ACC/SON) expón que o seu grupo municipal entregou o texto da súa moción por escrito (nº de rexistro de entrada 1.220, do 26 de maio de 2016), como segue:

“Á ALCALDIA DO CONCELLO DE CARRAL

O concelleiro da Asamble a Cidadá de Carral e voceiro de grupo municipal, César Bergondo, formula a seguinte MOCION para a creación do novo ROM por parte dos concelleiros, ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases da Réxime Local (Lei de Base de datos), establece no Capítulo II do título II a organización básica dos concellos. Tódolos temas abordados neste capítulo deben ser considerados como configuradores da estrutura mínima ou básica de organización e, polo tanto, deben ser recollidos fielmente no regulamento Orgánico de cda concello, coas adaptacións que son precisas e xuridicamente viable debido á súas circunstancias particularidades.

O Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), aprobado polo RD 2568/1986 de 28 de novembro, completa o deseño organizativo anterior, coas reservas derivadas da súa posición subsidiaria ordinamental na xerarquía das fontes do réxime local. Segundo a sentenza do Tribunal Constitucional de 21 de decembro, 1989 estableceuse que, tralas normativas básicas da Lei 7/85 de 02 de abril, ten prioridade a lexislación das comunidades autónomas e, a continuación, o ROM, deixando o ROF como unha regra estándar de segundo grao.

O ROM, no noso concello, está derogado dende a súa publicación no BOP nº 173 de 10-09-2015 (Xa fai máis de dous meses disto).

Dende que aprobamos a derogación no pleno, O concelleiro de Asamble Cidadá de Carral, xa se reuniu dúas veces co noso Alcalde preguntándolle en mabas polo tema. A súa resposta en ambos casos foi a mesma: "xa llese confiei esa labor o Secretario do Concello e a nosa Xurídica...". Este traballo non foi empezado por ninguén debido a carga de traballo destes empregados.

A creación dun ROM debe ser unha tarefa do persoal do concello. É unha labor que debe ser levada a cabo polos propios membros da corporación municipal, xa que é a nos a quen nos incumbe totalmente esa normativa. Podemos e debemos estar asesorados polo persoal xurídico do concello para que o traballo a desenrolar se axuste totalmente as leis.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

ACORDO

Primeiro.- O Pleno do Concello de Carral insta ao goberno municipal a facer o novo Regulamento Orgánico Municipal.
Segundo.- Crear un equipo de traballo formado por concelleiros dos tres partidos que están na corporación municipal, sendo este un traballo non remunerado.

Carral, a 26 de maio de 2016

César Bergondo
Voceiro da Asamblea Cidadá de Carral".

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC-SON) lembra que o seu grupo xa presentou unha moción na materia o ano pasado, e que foi aprobada. Preguntou en xaneiro e o señor Alcalde dixo que serían notificados en febreiro deste ano para reunirse. Opina que é un traballo que ten que facer o equipo de goberno, e que non é un funcionario quen teña que notificar. Indica que non vai voltar ler a moción e manifesta que "a ver se empezan o traballo".

O señor Alcalde resposta que nos próximos días haberá un borrador do ROM que plantexa o equipo de goberno aos grupos e que, cando llelo pasen, haberá que sentarse para chegar a un acordo. Coida que será similar ao dos concello dos arredores, e que haberá que refundir os de Culleredo, Oleiros ou A Coruña. Discrepa en relación á necesidade dun funcionario, pois considera que quen ten que ver se o regulamento cumpre a normativa son funcionarios do Concello. Indica que non se pasou un borrador, mais que se pasará a semana que vén e que llelo comunicarán. En todo caso, coida que a iniciativa debería ser unha pregunta en lugar dunha moción

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada, co voto en contra dos/as sete señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a seis votos a favor (cinco, dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE - e o do único membro do grupo mixto), polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

O señor Bergondo Trillo considera que así non se levaría a cabo a moción que foi aprobada, pois non se faría un equipo de traballo segundo o indicado nela, se xa se fixo un ROM e se dá "masticado" aos outros grupos (o señor Alcalde explica que servirá de base para o traballo dese equipo). Asemade, o señor Bergondo Trillo indica que o traballo dos funcionarios serve cando haxa un borrador, para dicir se é legal ou non, e que mentres non fan falla para nada.

3.3.-Moción do grupo municipal mixto (ACC/SON) para a creación dunha brigada de voluntarios para a erradicación da "vespa velutina".

EXPOSICIÓN

O señor Bergondo Trillo, voceiro do grupo municipal mixto (ACC/SON) expón que o seu grupo municipal entregou o texto da súa moción por escrito (nº de rexistro de entrada 1.221, do 26 de maio de 2016), como segue:

"Á ALCALDIA DO CONCELLO DE CARRAL

O concelleiro da Asamblea Cidadá de Carral e voceiro de grupo municipal, César Bergondo, formula a seguinte **MOCION DE BRIGADA DE VOLUNTARIOS**, ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dado o problema que temos no país por mor da vespa velutina, que esta a mitigar a poboación de abellas e os perigos que esta especie conleva para os veciños, xa houbo casos de ataques a persoas.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

Dende asamblea cidadá de Carral creemos importantísimo facer unha ardua loita para o control desta especie invasora, e empezar a facelo dende xa, antes de que chegue a primavera a a consabida proliferación dos novos niños.

Habendo xente no noso concello sensibilizada con esta causa e desexosa de poder axudar:

ACORDO

Solicitar impulsar dende o concello unha brigada de voluntarios e empezar a preparala dende agora, para que cando chega a primavera de 2016 esteamos preparados dende o principio para erradicala.

Carral, a 26 de maio de 2016

César Bergondo
Voceiro da Asamblea Cidadá de Carral".


O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC-SON) lembra que o seu grupo xa presentou unha moción na materia no inverno de 2015, e que foi aprobada por maioría, pois todos estaban de acordo. Nunha reunión co concelleiro de medio rural, este transmitiulle que era unha boa idea, e que había vontade de levala a cabo, e faláronlles mesmo de material, ou seguros, e de que estaba pendente de ir á "comisión de goberno". Engade que pasou o tempo, e que quedou en mans da "FREMAP", e esperando unha subvención para traxes. Indica que estamos xa case no verán e que non se fixo nada. Opina que está mal non ter cartos para os traxes de protección, mais tampouco de buscaron voluntarios, que serían non só para retirar as vespas, senón tamén para buscalas, pois son difíciles de atopar nos montes e nos campos. Engade que tamén lle gustara a idea de dar charlas informativas aos veciños, mais tampouco se fixeron. Lembra que as raíñas xa saíron do niño primario, e que estarán a facer zánganos que "farán as delicias de abellas e apicultores".


O señor Alcalde manifesta que é unha grande preocupación, pois é difícil erradicala, mais coída que os protocolos da Xunta, da Fegamp e do 112 están a funcionar. Engade que é moi complexo, e que quizais non se pode acabar con todas as raíñas. En calquera caso, opina que esta moción tamén se presenta a destempo, pois se están a adoptar medidas. Explica que o voluntariado tería que ser de Protección Civil, e que o Concello xa dispón de dous traxes fornecidos pola Xunta, e que a Deputación adquiriu o compromiso de proporcionar outros materiais. Confirma que xa se retiraron catorce niños primarios en Carral e que, cando alguén comunica a existencia dun, sobre todo os apicultores saben que a raíña adoita facer o niño no mesmo lugar có ano anterior, e que comen sobre todo froita. Engade que se deron charlas por Protección Civil e a técnica de medio ambiente durante unha mañá enteira, e que os voluntarios necesitan uns cursos que se farán en breve por parte do 112 para membros de Protección Civil, pois son os amparados polos seguros. Así, explica que as persoas que o consideren oportuno poderán presentarse voluntarios a Protección Civil, se cumpren os requisitos.

O señor Bergondo Trillo pregunta se se van facer charlas nas parroquias ou se teñen que pedilas, ao que o señor Alcalde resposta que a xente xa está sensibilizada en relación a este tema, pois todos ven a televisión, e len o xornal ou as redes sociais, e xa saben que teñen que chamar ao 112 ou ao 012. Así, considera que este ano se estará máis centrados no tema, e haberá máis medios para eliminar a maior parte posible das vespas.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada, co voto en contra dos/as sete señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a seis votos a favor (cinco, dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE - e o do único membro do grupo mixto), polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

3.4.-Moción oral do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa ao Plan de Emprego Local da Deputación Provincial da Coruña.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.:

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) explica que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña aprobou o Plan de Emprego Local, no que se inclúen uns 37.000 € para Carral. Propó que esa cantidade, xunto cos 39.000 € do Plan de Medio Ambiente da Deputación, se usen para contratar persoal, o que suporía un período máis longo, ou a contratación de máis persoas, que poderían realizar desbroces de camiños ou apertura de rutas.

O señor Alcalde considera que haberá unha parte para gasto de persoal e outra para gasto de material.

O señor Couto pide que, en todo caso, esas contías non se destinen, por exemplo, á adquisición de terreos, ao que o señor Alcalde replica que iso non está permitido nesas liñas de axuda, aínda que non sería unha mala idea, e explica que, unha vez se publiquen as bases, haberá un mes para decidir.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada, co voto en contra dos/as sete señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a seis votos a favor (cinco, dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE - e o do único membro do grupo mixto), polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

3.5.-Moción oral do grupo municipal do PsdeG-PSOE para destinar o POS 2017 á construción dunha pasarela elevada para cruzar ao IES (Instituto de Ensino Secundario) .

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) opina que non se adoptou unha solución para o cruce da estrada cara ao IES, e que os alumnos están cruzando en curva no Pincho. Propón que, se o Concello de Carral non pode facer unha pasarela elevada "por estar intervido", que destine polo menos o POS 2017 á achega da parte proporcional para a construción dunha pasarela que permita cruzar en condicións seguras.

O señor Alcalde opina que a saída do IES, do xeito que se está a facer, é bastante segura, aínda que poida haber algún accidente fortuito. Coida que o señor Couto non sabe o que está plantexando e explícalle que o Concello de Carral non está intervido, polo que debería parar de dicir o que non é certo. Engade que a dirección do centro e o Concello velan pola seguridade dos rapaces, e por iso saen pola parte traseira, soben por Uxío Novoneira, e poden cruzar no Monumento aos Mártires. Coida que, coma enxeñeiro que é, o señor Couto debería saber que non pode haber pasos de peóns nunha estrada nacional cunha pendente maior ao 5%. Tamén opina que non tería sentido unha pasarela, pois o perigo de cruce se trasladaría á rúa Méndez Búa. Considera que o señor Couto ten unha obsesión coa pasarela, e que aínda é máis grave se se propón investir nela os cartos do POS. Explica que ninguén insite nesa cuestión agás el, e que ningún pai está preocupado polo asunto. Se hai persoas irresponsables que cruzan coma en Río de Canles, é problema deles, pois deberían cruzar nos Mártires. Manifesta que non entende a prisa pola pasarela, e que non considera que haxa problemas de ningún tipo, pois todo está ordenado e coordinado en relación aos autobuses e a saída pola Rúa do Couto. Reitera que non é necesaria, pois se crearía máis risco e outro problema en Méndez Búa e Río Canles. Recoñece que os alumnos teñen que dar máis volta, mais que tamén os de Coiro ían a Juan Seijas en casos puntuais.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada, co voto en contra dos/as sete señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a seis votos a favor (cinco, dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE - e o do único membro do grupo mixto), polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

3.6.-Moción oral do grupo municipal do PsdeG-PSOE para a dotación de locais para os grupos políticos municipais .

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) manifesta que os partidos políticos non teñen locais no Concello, e que hai edificios municipais detrás do Centro de Saúde cuxos baixos están destinados a cocheiras, mais non sabe como está a parte superior. Propón que se dote ese edificio ou outro dun





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

pequeno local para a súa actividade, pois coa escasa contía que se achega aos grupos municipais, non poden alugar ningún local.

O señor Alcalde opina que esa cuestión non é urxente pois, se ben a Lei de Bases do Réxime Local establece que debe haber un espazo para os grupos políticos, na Casa Consistorial o espazo é bastante limitado e, no edificio ao que se refire o señor Couto, os vestiarios e as cocheiras funcionan como tales para os obreiros, aínda que uns os usan e outros non. Asemade, explica que hai unha sala destinada a patrimonio, para pezas do Castro das Travesas e un obradoiro para trabalar con elas, polo que ese edificio non está infrautilizado. Por outra banda, engade que, sempre que solicitan un local social, teñen onde reunirse, agás en horas puntuais nas que o seu funcionamento pode estar máis restrinxido. Explica que o equipo de goberno ten máis posibilidades para reunirse coas persoas que o solicitan, porque así o quixo o pobo de Carral, mais ninguén priva aos demais grupos de estar na Casa do Concello para atender aos veciños. Lembra que el estivo doce anos na oposición e nunca pediu iso. Reitera que hai locais sociais nas parroquias e máis sitios onde reunírense, sempre que os compaxinen coas actividades do Concello, polo que opina que o indicado na moción non é urxente.

O señor Cetina Mochales replica que o señor Alcalde, cando estaba na oposición, si pediu locais, ao que este resposta que só os pediu unha vez, non llos concederon, e non pasou nada.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada, co voto en contra dos/as sete señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a seis votos a favor (cinco, dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE - e o do único membro do grupo mixto), polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

4.-ROGOS E PREGUNTAS.

O señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON), pregunta se van responder tras cada cuestión ou a todas xuntas, ao que o señor Alcalde resposta indicándolle que pregunte, e que xa verá.

4.1-Rogos e preguntas do señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON)

1.- O señor Bergondo Trillo manifesta que, en relación á última moción presentada, supón que non terá que ver co despacho que o señor Alcalde dixo que ía estar preparado para reunirse os grupos cando rematase o prazo de alegacións do PXOM. Pregunta se iso segue en pé.

2.- Pregunta como vai a Casa da Xuventude, e se se vai inaugurar pronto ou non.

4.2-Pregunta do señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE)


O señor Couto López pregunta se lle van entregar os documentos que pediu hai meses sobre EMALCSA e sobre o guindastre e, en relación a este último, pregunta se se vai retirar ou non.

4.3-Respostas do señor Alcalde

O señor Alcalde explica que, cando remate a exposición do PXOM, hai que negociar co Xulgado de Paz, máis coida que poderán dispoñer do local.

En canto á Casa da Xuventude, explica que, ao atoparse nunha zona de sombra anterior á campaña electoral, coida que é mellor non inaugurala até pasados os comicios. Indica que lle gustaría que se puidese abrir antes da fin das clases do IES e do Vicente Otero, para que se poida usar durante o verán, e engade que están chegando mobles e equipos informáticos. Reitera que non considera ético nin lóxico inaugurala agora, e que haberá que facer un acto co Presidente da Deputación, que a financiou, e con representantes da Dirección Xeral de Xuventude, con posterioridade ao 26 de xuño.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

En relación á pregunta do señor Couto, explica que o que lle ten que dar non son uns papeis, senón un CD, e que llo pode dar dentro dun pouquiño. No tocante ao guindastre, explica que este cumpre coa normativa e que o que quere é que se remate o edificio, polo que non ten sentido quitalo e poñer outro, senón rematar o edificio para que se poidan vender as vivendas. Reitera que cumpre toda a normativa, e que lle pode dar copia dos documentos da revisión feita a primeiros de maio.

Ao non existir máis temas que tratar, ás 11 horas e 50 minutos, o Señor Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de dezanove páxinas numeradas do un ao dezanove, e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel ordinario até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE



José Luis Fernández Mourño

O SECRETARIO DO CONCELLO



Diego García Doval

